



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 25 DE ABRIL DE 2019

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a vinte e cinco de abril de dous mil dezanove, sendo as vinte horas e trinta minutos ten lugar a sesión ordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno municipal, presidida pola alcaldesa-presidenta D.^a Alejandra Pérez Máquez, do grupo municipal socialista, e coa asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

Grupo municipal Socialista (PSdG-PSOE):

D. Francisco Javier Santos Maseda
D.^a María Begoña Calviño Dorado
D. José Ramón Lorenzo Carou
D.^a Patricia María Vázquez Figueroa

Grupo municipal de Veciños de Bergondo (VB)

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro (voceiro) (*incorpórase no punto segundo*)
D.^a María del Loreto Caseiras Arroyo
D.^a Alicia María Souto Ramos

Grupo municipal do Partido Popular (PP)

D. Yago Lage Caramelo (voceiro)

Concelleiros non adscritos:

D.^a Antonia María Sanjurjo Seijas
D. Juan Antonio Fariña Pedreira
D. Eloy Babío Veiga

Non asiste:

D. José Angel Vieiro Amor (PP)

Foron asistidos pola interventora municipal, D.^a Laura Gutiérrez Ortiz, e pola secretaria, D.^a Ana M.^a Cacharrón Castelos.

1. APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS DOS DÍAS 28 E 30 DE MARZO DE 2019.
2. MODIFICACIÓN ORZAMENTO 2019 MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1_SC. ACORDOS QUE PROCEDAN.
3. DECLARACIÓN DE EFECTO NON UTILIZABLE. ACORDOS QUE PROCEDAN.
4. PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA SOBRE A OBRA: “TRATAMENTO AMBIENTAL DO BORDE LITORAL DA PRAIA DO REGUEIRO. T.M. DE BERGONDO (A CORUÑA)”. ACORDOS QUE PROCEDAN.
5. MOCIÓN DE APOIO ÁS DEMANDAS DA ASOCIACIÓN DE AFECTADOS POLA VÍA ÁRTABRA. ACORDOS QUE PROCEDAN.
6. ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) E A EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

AGRARIOS GALEGOS SA. (SEAGA) EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS PARA O ESTABLECEMENTO DUN SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS

7. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.

8. ASUNTOS URXENTES.

9. ROGOS E PREGUNTAS.

1. APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS DOS DÍAS 28 E 30 DE MARZO DE 2019.

Os/as integrantes da Corporación recibiron os borradores das actas correspondentes ás sesións ordinaria do 28 e extraordinaria do 30 de marzo, a través de documentos remitidos por correo electrónico. De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Sra. alcaldesa preguntalles aos/ás concelleiros/as se teñen algunha observación que formular ás ditas actas.

Non formulándose observacións, posta a aprobación ás actas das sesións ordinaria do 28 de marzo, e extraordinaria do día 30 do citado mes de marzo, por unanimidade de votos a favor (11), apróbanse as referidas actas.

2. MODIFICACIÓN ORZAMENTO 2019 MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1_SC. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse conta da proposta ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 22 de abril de 2019 que transcrita literalmente di:

*“Elaborado o expediente sobre modificación de créditos do Estado de Gastos do Orzamento Municipal para o actual exercicio de 2019, mediante a forma de **suplemento de crédito e crédito extraordinario**, por importe total de 688.365,78 euros, para facer fronte ás obrigas a cargo desta Corporación, relativas ó VI correspondente a gastos de inversión e tendo en conta o establecido na documentación obrante no expediente, e previo Informe da Intervención Municipal, preséntanse os créditos que se pretenden modificar desglosados por aplicacións orzamentarias xunto coa súa financiación.*

En consecuencia, propónse ó Pleno, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: *Aprobar a proposta de modificación de créditos baixo a modalidade de suplemento de crédito e crédito extraordinario, por importe total de 688.365,78 euros, debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás aplicacións orzamentarias que se detallan a continuación e polo importe reflectido:*

SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO

Capítulo VI: Inversións reais:



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Concepto orzamentario.</i>	<i>Consignación inicial</i>	<i>Modificacións anteriores</i>	<i>Incremento</i>	<i>Consignación Definitiva tras esta modificación</i>
330/625.00	Mobiliario centros culturais	10.000,00	0,00	12.942,10	22.942,10
454/619.00	Inversións de reposición mellora viaria (POS)	370.000,00	554.309,53	303.798,17	1.228.107,70
454/619.01	Inversión de reposición. Mellora viaria	34.000,00	19.356,45	125.101,68	178.458,13
432/627.00	Inversión proxecto promoción turística	0,00	0,00	7.120,37	7.120,37
336/639.00	Inversións de reposición. Protección e xestión do patrimonio histórico-artístico	0,00	0,00	97.235,19	97.235,19
342/632.00	Inversións de reposición edificios deportivos	0,00	23.429,96	130.194,35	153.624,31
450/623.00	Maquinaria, vías e obras	4.000,00	430,00	11.973,92	16.403,92
	CAPÍTULO VI: TOTALIDADE DE CRÉDITO	418.000,00	597.525,94	688.365,78	1.703.891,72

TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO: 584.010,22 euros

TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO: 104.355,56 euros

IMPORTE TOTAL DA MODIFICACIÓN: 688.365,78 euros

O financiamento desta modificación de crédito proposta realizarase con cargo a:

Remanente líquido de Tesourería co seguinte desglose:

Remanente líquido de Tesourería a esta data: 4.740.107,79 euros

Remanente empregado noutras modificacións

(incorporación de remanentes): 2.117.689,92 euros

Superávit orzamentario: 384.365,54 euros

Cantidade que se precisa utilizar neste expediente: 688.365,78 euros

Diferencia, cantidade de Remanente sobranter: 4.051.742,01 euros

Remanente empregado por enriba do superávit: 2.421.690,16 euros

Remanente total empregado en modificacións: 2.806.055,70 euros

Consecuentemente coas modificacións acordadas, o Orzamento de 2019 queda como segue:

Resumo da modificación orzamentaria por capítulos de gasto

Capítulo	Consignación inicial	Modificacións anteriores	Aumento	Disminuc.	Consignación definitiva
1.- Gastos de persoal	2.021.129,26	10.275,98	0,00	0,00	2.031.405,24
2.- Gastos bens correntes e servic.	3.221.035,72	444.367,22	0,00	0,00	3.665.402,94
3.- Gastos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
4.- Transferencias correntes	252.871,40	0,00	0,00	0,00	252.871,40
6.- Inversións reais	1.657.400,00	2.114.024,66	688.365,78	0,00	4.459.790,44
7.- Transferencias de capital	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
8.- Activos financeiros	22.000,00	0,00	0,00	0,00	22.000,00
9.- Pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

Pl.25/04/2019



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

TOTAIS	7.174.436,38	2.568.667,86	688.365,78	0,00	10.431.470,02
--------	--------------	--------------	------------	------	---------------

SEGUNDO: Que se continúe a tramitación do expediente, con inmediata exposición ó público durante 15 días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

TERCEIRO: Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerarase definitivamente aprobado, debendo cumprirse, en ambos trámites, a publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

CUARTO: Remitir copia do expediente á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

O Pleno decidirá o que estime mais conveniente.

*Bergondo, na data que figura na marxe
A Alcaldesa. Asdo. Alejandra Pérez Máquez”*

-Durante a lectura da proposta se incorpora á sesión o Sr. Fafián Torreiro, pasando a ocupar o seu lugar-

A Sra. alcaldesa, da unha explicación sucinta dos proxectos que se pretenden acadar con este Suplemento de crédito, e que ía explicado na Memoria de Alcaldía que consta no expediente. Explica que son proxectos que xa estaban adiantados, outros están redactándose, e as obras que se recollen se prevé que estean licitadas no verán.

A Sra. concelleira non adscrita manifesta, entre outras cousas, que lle parecen uns bos proxectos, e tendo en conta os informes favorables o seu voto é a favor.

O Sr. voceiro do PP manifesta, entre outras cousas, que no pleno de novembro, no que se aprobou o Orzamento 2019, manifestaron que botaban en falta obras que agora si veñen reflectidas neste Suplemento, e que consideran necesarias, polo que van non van votar en contra, aínda que considera que é algo electoralista.

A Sra. alcaldesa contéstalle que como xa lle dixo naquel Pleno, para facer uso do Remanente de crédito ten que ser a través dun expediente de Suplemento de crédito.

O Sra. concelleira de VB, M.^a Loreto Caseiras Arroyo di, entre outras cousas, que considera que existe unha discriminación a favor da parroquia de Santa Marta, respecto das obras presentadas, que son necesarias e o seu voto vai ser favorable.

O Sr. concelleiro non adscrito, D. Juan A. Fariña, manifesta, entre outras cousas, que os veciños das diferentes parroquias sabe o que hai e chegado o caso valorarán.

Respecto ao feito de traer un Suplemento de crédito a Pleno, recorda que é algo habitual en todas as lexislaturas o feito de traelo.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: tres (3) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: un (1) votos a favor; concelleiros non adscritos: Sr. Fariña Pedreira: un (1) voto a favor; Sr. Babío Veiga: un (1) voto a favor; e Sra. Sanjurjo Seijas: un (1) voto a favor. **Total doce (12) votos a favor.**



En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por unanimidade de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos

3. DECLARACIÓN DE EFECTO NON UTILIZABLE. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse conta da proposta ditaminada favorablemente, por maioría de votos a favor, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 22 de abril de 2019 que transcrita literalmente di:

“Visto o procedemento tramitado para a declaración de efecto non utilizable dos tres depósitos ou silos de auga cuxa antiga dedicación foi o almacenamento de auga potable para a súa posterior cloración e filtrado, sen uso dende hai moitos anos, sitos na parcela catastral 15008A015001750000XE, propiedade do Concello de Bergondo, recollida no inventario de bens 1977-1983, Libro 1, páxina 23, número 1; e no inventario aprobado inicialmente polo Concello baixo o número 1.100029, como ben de uso público, incluídos baixo o epígrafe depósito de auga de Babío.

Visto que a empresa concesionaria da xestión integral da auga informa o 20.11.2018 que a instalación citada, sita no recinto do depósito principal do Concello, nunca foi xestionada por eles, ao non estar incluída no contrato asinado o 11 de xuño de 2002; en definitiva, engade que trátase dunha instalación en mal estado e fóra de servizo que non ten a posibilidade de ser aproveitada de cara ao futuro por non existir na actualidade unha captación e por non dispor dos elementos necesarios para dar cumprimento ao RD 140/2003 no que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga para consumo humano.

Visto que ten o concello a inclusión do miradoiro en Santa Marta de Babío no anexo “miradoiro” do capítulo X do Catálogo das Paisaxes de Galicia; e que un dos comentarios efectuados polo Instituto de Estudos do Territorio é que as vistas panorámicas dende o mesmo están afectadas pola presenza das instalacións duns depósitos de augas, e máis concretamente por un depósito metálico cuxa altura supera a liña de visión, e pecha o abano panorámico cara ao nordés.

Visto o informe técnico emitido enxeñeiro técnico agrícola Pedro Zapata Roel o 11.04.2019, no que calcula o peso do metal do depósito en 11.330,06 kg., e os valora en 2.109,30 euros, polo que se comproba que o seu valor é residual en comparación co ben recollido no novo inventario municipal aprobado inicialmente.

Considerando que o citado depósito consta no Inventario de bens aprobado inicialmente como ben de dominio público, servizo público, polo seu manifesto deterioro non é apto para o servizo ao que estivo adscrito.

Vistos os artigos 7, 112 e 118 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, e consonte cos informes obrantes no expediente, propónse ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

ÚNICO. *Declarar efecto non utilizable os tres depósitos ou silos de auga, sitos na parcela catastral 15008A015001750000XE, dispoñendo a súa baixa do Inventario de bens municipal, como ben de dominio público, de uso público con destino a infraestrutura de abastecemento de auga.*

*Bergondo, 12 de abril de 2019
A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez”*



A Sra. alcaldesa, explica que logo de que estea dado de baixa no Inventario municipal, poderase levar a cabo ou ben unha subasta, ou solicitar ofertas.

O Sr. voceiro de VB, di que deberían retirarse, xa de paso, outros elemento inutilizables que están por outras partes do termo municipal.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: tres (3) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: unha (1) abstención; concelleiros non adscritos: Sr. Fariña Pedreira: un (1) voto a favor; Sr. Babío Veiga: un (1) voto a favor; e Sra. Sanjurjo Seijas: un (1) voto a favor. **Total doce (12) votos a favor.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por maioría de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos

4. PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA SOBRE A OBRA: “TRATAMENTO AMBIENTAL DO BORDE LITORAL DA PRAIA DO REGUEIRO. T.M. DE BERGONDO (A CORUÑA)”. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse conta da proposta ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 22 de abril de 2019 que transcrita literalmente di:

“Visto o Proxecto de execución das obras de “Tratamiento ambiental del borde litoral de la playa de Regueiro.T.M de Bergondo (A Coruña)”, suscrito pola Demarcación de Costas en Galicia, que tivo entrada neste Concello o 25.02.2019 (Rexistro Dixital de entrada nº 201990000000251).

Visto que se solicitou a exposición do anuncio de información publica no taboleiro de edictos desde Concello, polo prazo de vinte (20 días) contados dende a publicación do anuncio no B.O.E, o cal publicouse o pasado 28 de febreiro de 2019, número 51, anuncio 8.519.

Visto o informe da Auxiliar administrativa do rexistro, de data 03.04.2019, no que consta que estivo exposto entre os días 1 de marzo ata 1 de abril de 2019, ambos incluídos, e que non constan reclamacións referentes a dita publicación

Visto que se solicita informe do Concello sobre o proxecto, e que consta informe do arquitecto Municipal de data 12.04.2019, e aclaración de data 15.04.2019, no cal manifesta a conformidade do proxecto a normativa de aplicación.

Visto que se solicita o recoñecemento expreso de que as obras se atopan exentas de abono de taxas pola expedición de licenzas exixibles consonte a lexislación urbanística. Consta informe da intervención municipal de data 3 de abril de 2019, que recolle o contido do artigo 111 apartado 1, e apartado 3 da lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, que establecen o carácter de interese xeral das obras e o non sometemento a licenza ou calquera outro acto de control por parte das Administracións locais.

Visto que se solicita certificado de dispoñibilidade dos terreos necesarios para a realización das obras, consta o compromiso de cesión das seguintes parcelas catastrais: 15008A047002200000XG;

Pl.25/04/2019



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

001900100NH69G0001ZS;15008A04700223000XL;001900200NH69G0001US;15008A047002270000XO;001900400NH69G0001WS;15008A047002360000XJ; 15008A042000010000XX; 15008A042001030000XZ.

Con respecto a finca catastral nº 15008A047002260000XM, os datos sobre a titularidade catastral da finca, non son suficientes cara a localización dos propietarios.

A dúas últimas parcelas catastrais necesarias para levar a cabo as obras, presentando ambas unha ocupación mínima, é a parcela catastral nº 15008A042001050000XH, que presenta varios propietarios coma titulares, e a parcela catastral nº 15008A042001550000XO, na que consta coma propietaria a Tesourería Xeral da Seguridade Social.

En relación a estas dúas últimas parcelas, dada a situación xurídica da propiedade das mesmas, parece mais doado que sexa a Demarcación de Costas de Galicia, a que xestione a dispoñibilidade dos terreos.

Visto que pola Demarcación de Costas de Galicia, solicítase a conformidade do Proxecto e o compromiso, de que unha vez finalizadas as obras o Concello farase cargo do seu mantemento

Visto o contido do artigo 21 da Lei 7/1985, reguladora das bases do Réxime local, e consonte cos informes obrantes no expediente, propónse ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Acordar a conformidade co proxecto de “Tratamiento ambiental del borde litoral de la playa de Regueiro, T.M. de Bergondo” presentado pola Demarcación de Costas de Galicia, así coma prestar conformidade ao mantemento das obras polo Concello de Bergondo, unha vez finalizadas e aceptadas.

SEGUNDO.-Dese traslado do presente acordo a Demarcación de Costas de Galicia, xunto coa documentación solicitada

*Bergondo, 16 de abril de 2019
A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez”*

A Sra. alcaldesa da unha explicación dos pasos seguidos neste expediente que pertence a Costas, de larga tramitación, xa que o proxecto foi redactado no ano 2016. Consta xa o compromiso dos propietarios de terreos privados afectados, para poñelos a disposición mediante cesión.

A Sra. concelleira non adscrita manifesta, entre outras cousas, o seu voto favorable para que por fin este proxecto poida ser levado a cabo.

O Sr. voceiro do PP, di, entre outras cousas, que por fin se leve a cabo esta obra tan demandada polo Concello de Bergondo. Pregunta se se fixo algunha actuación para a mellora da auga para o baño, como recolle a lexislación europea, xa que neste intre está fóra do catálogo.

A Sra. alcaldesa responde que si, rematouse hai pouco unha conexión para a depuradora e agora hai que esperar a que os veciños fagan as correspondentes conexións e non haxa vertidos, que é o que pide esa lexislación.

O Sr. voceiro de VB pregunta se pode haber algún problema para a execución do proxecto o feito de que non haxa dispoñibilidade de tres terreos. Tamén pregunta pola posibilidade de que o mantemento fose de Costas en non do concello.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

A Sra. alcaldesa responde que realmente dunha, é mínima e non se conseguiu localizar o titular no Castastro; outra está dentro da propia da Tesourería e a outra de moitos copropietarios. Respecto ao mantemento é un acordo tipo, como outros que se fan con diferentes Administracións.

O Sr. concelleiro non adscrito, Juan A. Fariña manifesta, entre outras cousas, que respecto á calidade de augas tamén hai unha parte de control de posibles vertidos, é pensa que en cuestión de pouco tempo ese areal poida estar de novo no catálogo de praias da Xunta.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: tres (3) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: un (1) votos a favor; concelleiros non adscritos: Sr. Fariña Pedreira: un (1) voto a favor; Sr. Babío Veiga: un (1) voto a favor; e Sra. Sanjurjo Seijas: un (1) voto a favor. **Total doce (12) votos a favor.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por unanimidade de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos

5. MOCIÓN DE APOIO ÁS DEMANDAS DA ASOCIACIÓN DE AFECTADOS POLA VÍA ÁRTABRA. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse conta da proposta ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 22 de abril de 2019 que transcrita literalmente di:

“A Asociación de afectados por infraestructuras no Concello de Cambre, presenta un escrito por Rexistro Xeral, núm. 20199000000439 de 8 de abril, no que solicitan o apoio deste Pleno ás demandas da citada asociación en relación coa tramitación do Plan Sectorial da Rede viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre, Oleiros, Sada e Bergondo.

Dita solicitude pide que se respecte o acordo de Alcaldes co hoxe presidente da Xunta, de 21 de xullo de 2004, que se concreta na liberalización do peaxe no enlace da Vía Ártabra coa AP-9 e o compromiso de conexión da N-VI/AP9 coa A6.

Por todo o exposto, propónse ao Pleno municipal, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Manter os acordos acadados en xullo de 2004, en relación coa tramitación do Plan Sectorial da Rede viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre, Oleiros, Sada e Bergondo:

.- Liberalización do peaxe no enlace da Vía Ártabra coa AP-9

.- Compromiso de conexión da N-VI/AP9 coa A6.

Segundo: Dar traslado do presenta acordo á Asociación de afectados por infraestructuras en el Municipio de Cambre

Bergondo, 22 de abril de 2019.

A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez”



A Sra. alcaldesa informa de que este escrito recolle unha demanda que tamén afecta a o noso concello, en relación coa conexión de vía Ártabra coa A6, e evitar novos peaxes no noso concello.

A Sra. concelleira non adscrita, manifesta, entre outras cousas, que ve está solicitude un pouco fóra de tempo e que deberíamos de facer reclamacións que afectaran mais directamente aos veciños do noso concello.

O Sr. voceiro do PP, fai un relato das diferentes fases deste proxecto, indicando que hai outras Administracións, como pode ser o Ministerio de Fomento, a quen corresponden trámites que están planificados pero en espera. Pensa que a moción non fai xustiza á realidade, polo que vai votar en contra.

O Sr. voceiro de VB, di, entre outras cousas, que está de acordo co manifestado polo voceiro do PP e pensa que vai para longo a tramitación, e que Fomento é o que tería que tomar decisións. Van votar en contra da moción.

O Sr. concelleiro non adscrito, Juan A. Fariña, manifesta, entre outras cousas, que consideran que a Vía Ártabra é un proxecto que beneficia a Bergondo. Así mesmo di tamén está de acordo con que Fomento debe autorizar xa a conexión para desbloquear o proxecto, non ve ningún problema en aprobar a moción tal e como está redactada.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: tres (3) votos en contra; grupo municipal do Partido Popular: un (1) voto en contra; concelleiros non adscritos: Sr. Fariña Pedreira: un (1) voto a favor; Sr. Babío Veiga: un (1) voto a favor; e Sra. Sanjurjo Seijas: unha (1) abstención. **Total sete (7) votos a favor, catro (4) votos a favor e unha (1) abstención.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por maioría de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos

6. ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) E A EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS SA. (SEAGA) EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS PARA O ESTABLECEMENTO DUN SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS.

Antes de dar lectura á proposta, xustifica a Sra. alcaldesa a urxencia da inclusión deste asunto na Orde do Día, do que se falou pero non foi debatido na Comisión Informativa do pasado día 22 de abril.

De conformidade co disposto nos artigos 82.3 e 97.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese ao voto do Pleno a ratificación da inclusión do punto 6 na orde do día; e por unanimidade de votos a favor (12), - cinco do grupo municipal do PSdG-PSOE; tres do grupo municipal de Veciños de Bergondo; un do grupo municipal do Partido Popular; e tres dos concelleiros non adscritos - Sr. Fariña Pedreira, Sr. Babío Veiga, e Sra. Sanjurjo Seijas- o Pleno ratifica a inclusión do asunto na Orde do día.



A continuación dáse conta da proposta da Alcaldía, que transcrita literalmente di:

“Logo de ver o contido do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias asinado o 9 de agosto de 2018, publicado no DOG núm. 156 do 17.08.2018; e a súa primeira addenda do 15 de abril de 2019; así como os seus Anexos I a IV; esta alcaldía, en aras de contribuír ao cumprimento das obrigas municipais en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, propón ao Pleno do Concello de Bergondo, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Solicitar a adhesión íntegra do Concello de Bergondo ao Convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias asinado o 9 de agosto de 2018 e a súa primeira addenda do 15 de abril de 2019, así como os seus Anexos I a IV.

SEGUNDO: Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Bergondo, o 22 de abril do 2019
A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez”

A Sra. alcaldesa explica que en agosto xa se estableceu un Convenio, pero non eramos un concello prioritario ao non cumprir os requisitos que se dan para desinar parroquias con risco de incendios; pero no último Consello da Fegamp engadiuse unha Adenda que modificaba o documento inicial.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: tres (3) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: un (1) votos a favor; concelleiros non adscritos: Sr. Fariña Pedreira: un (1) voto a favor; Sr. Babío Veiga: un (1) voto a favor; e Sra. Sanjurjo Seijas: un (1) voto a favor. **Total doce (12) votos a favor.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por unanimidade de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos

7. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.

A continuación pola Sra. alcaldesa, en cumprimento do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/86 de 28 de novembro (ROF), dáse conta á Corporación dos Decretos e Resolucións ditadas desde o 25 de marzo ao 16 de abril de 2019, ámbolos dous incluídos, numerados do 413/2019 ao 531/2019. O Pleno queda enterado.

8. ASUNTOS URXENTES

A Sra. alcaldesa, no cumprimento do disposto do artigo 46.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 91.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta se algún grupo

Pl.25/04/2019



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

político desexa someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do día que acompañaba á convocatoria e que non teña cabida no punto de Rogos e Preguntas.

Non se presentan.

9. ROGOS E PREGUNTAS

Ningún grupo, nin concelleiro ou concelleira, presentaron rogos ou preguntas para esta sesión.

A Sra. alcaldesa da resposta as preguntas que quedaron pendentes da última sesión.

Esta acta foi gravada con vídeo e audio. Constan no expediente do TEDeC 2019/G010/000006; o vídeo está dispoñible no seguinte enlace: <http://youtu.be/9UNKB32uNp8>

A pegada dixital desta gravación de video é a seguinte:

D006519E07934B37339F6D1C402C7649C504D498F155EFC72357B35F180A8CD3

A pegada dixital da gravación de audio é a seguinte:

A5DC2BD7254C362EE21DD35F58F8D07A7FFA46452DA8AD301CA31D7729CF023F

O algoritmo de pegada dixital é SHA-256 e o formato da pegada é a hexadecimal en ASCII (base 16). Pódese comprobar co arquivo e a ferramenta autofirma.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa-presidenta levanta a sesión, sendo as vinte e unha horas e cincuenta minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura da presidenta e da secretaria, que dá fe.

A secretaria
Ana M.^a Cacharrón Castelos

V. e pr. A alcaldesa
Alejandra Pérez Máquez